

**INFORME DO RESULTADO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS PARA DIFUSIÓN, ESTUDO E PRESERVACIÓN DA OBRA DE ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS ASINADO O 13 DE MARZO DE 2018.**

Ao longo do presente ano, a colaboración entre a Consellería de Cultura Turismo a Fundación permitiu desenvolver un programa conxunto encamiñado ao estudo sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico de Galicia, e en especial do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia, centrado en dous puntos:

- A. Convocatoria e resolución da XI edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, cos fins de contribuír a acadar a normalización e dinamización plena da lingua galega, e de promover a obra e figura humana de D. Antonio Fraguas Fraguas, dándolle continuidade ao labor realizado por el nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galega.
- B. Realización dos traballos preparatorios para a recopilación da obra dispersa de D. Antonio Fraguas Fraguas, con vistas á ulterior publicación.

A colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación contribúe ao fomento do idioma galego, en canto estimula as manifestacións culturais feitas en galego e contribúe á defensa, conservación, promoción e divulgación do legado material e intelectual de D. Antonio Fraguas Fraguas, catedrático de Instituto, investigador, escritor e dinamizador que participou, en numerosos casos dende a súa fundación, en numerosas entidades defensoras da nosa cultura e lingua no século pasado.

**A) XI edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas**

A realización das actividades propias da convocatoria da XI edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas realizouse conforme ao seguinte programa:

### **1) Convocatoria e difusión do proxecto didáctico.**

En febreiro do 2018 convocouse e publicáronse as bases que rexían a XI edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas encamiñado á realización dun programa de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia. Nesta convocatoria integrouse pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no Plan Proxecta.

A difusión do proxecto didáctico realizouse con formato dixital dende o Departamento de Educación e Acción Cultural do Museo do Pobo Galego, e a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Dende o mes de marzo, atendemos ás consultas presentadas polos distintos centros interesados en participar, e asesoróuselles acerca de como realizar a memoria descritiva do proxecto que debían presentar. Destacouse en especial que tiña que estar redactada en lingua galega; que tiña que constar a súa natureza, ámbito, temporización, orzamento e expresión do colectivo implicado na súa realización; e que á marxe do ámbito temático que se tratara (etnografía, antropoloxía, xeografía, historia ou arte), cando menos un capítulo ou alínea do traballo dedicárase a abordar algún aspecto lingüístico (toponimia, antroponimia, léxico, fraseoloxía...) relacionado co tema proposto. Rematado o prazo de presentación das candidaturas, o 31 de maio de 2016, presentáronse en tempo e forma, os seguintes proxectos:

- Modalidade de ensino primario:
  - CEIP A Barqueira, Cerdido: “Coñeces Cerdido?”

- CEIP Ana María Diéguez, Asados, Rianxo: “Pintando o patrimonio, definimos a nosa identidade”
- CEIP de Chans, Bembrive: “Coñece Bembrive. Sorpréndete!”
- Modalidade de ensino secundario:
  - CPR Plurilingüe Sagrado Corazón, Celanova: “Cun click enchóupate de sabiduría nas fontes de Celanova
  - CPI Aurelio Marcelino Rey García, Cuntis: “Pedras lavadas, pedras enxugadas”
  - IES Antonio Fraguas , Santiago de Compostela: “Unha cidade dentro doutra cidade. Memoria viva do Barrio de Fontiñas”
  - CPI Domingo Fontán, Portas: “Tras os pasos de Domingo Fontán”
  - CPI Virxe da Saleta, San Cristovo de Cea: “Nas nosas mans”
  - IES Álvaro Cunqueiro, Vigo: “Ondas do mar de Vigo”
  - CPR María Inmaculada, Silleda: “Iconografía sacra e profana do municipio de Silleda”
  - CPI Os Dices, Rois: “Miñas amigas as baleas”.
  - IES de Carral, Carral: “En Carral, todo é Pan Comido”.

## **2) Proceso de selección dos traballos premiados.**

De acordo co calendario previsto, o 20 de xuño de 2018 reuniuse nas dependencias do Museo do Pobo Galego o Xurado que debía fallar o premio, composto por:

- D<sup>a</sup>. Raquel Casal García, en representación da Dirección do Museo do Pobo Galego.
- D<sup>a</sup>. Pura Galán Boutureira, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- D. Xosé Manuel Méndez Bieites, en representación da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- D. Clodio González Pérez, en representación da Fundación Antonio Fraguas Fraguas.
- D. Francisco Javier Sanjjao Otero, como Secretario

Excusou a súa ausencia D. Francisco Fariña Busto, representando ao Presidente da Fundación.

Examinados os traballos presentados en cada modalidade, e despois do debate e das deliberacións pertinentes, o xurado acordou:

- 1) Conceder por unanimidade o premio da modalidade de ensino primario ao proxecto *Pintando o patrimonio, definimos a nosa identidade*, presentado polo CEIP Ana María Diéguez de Asados (Rianxo), polo esforzo en divulgar os elementos do patrimonio etnográfico e histórico da súa contorna, a través dun traballo de investigación escolar que culminará nun mural colectivo que poderá servir de referencia para a comunidade local.
- 2) Conceder por unanimidade o premio da modalidade de ensino secundario ao proxecto *Iconografía sacra e profana no concello de Silleda*, presentado polo CPR María Inmaculada de Silleda, por favorecer estratexias de investigación e divulgación que permitan o coñecemento de manifestacións artísticas do concello. O xurado estima que un proxecto tan exhaustivo e ambicioso requerirá dunha implicación permanente non só da comunidade escolar senón tamén de especialistas nestas materias.

Esta resolución fíxose pública a través dos medios de información e comunicouse directamente aos centros premiados.

Podemos destacar que os dous traballos premiados contribuirán á promoción da lingua galega, en canto integra a participación da comunidade escolar no seu conxunto dentro dunha actividade realizada integramente no noso idioma, o que entendemos favorecerá o achegamento, coñecemento e difusión do idioma nas novas xeracións, quen son un obxectivo esencial para garantir e promover a difusión e continuidade futura do galego como lingua vehicular de comunicación.

### **3) Entrega do premio en metálico aos centros seleccionados.**



O 28 de xuño de 2018, celebrouse un acto público no que se fixo entrega do importe monetario do premio. Neste acto interviñeron o secretario xeral de Política Lingüística, D. Valentín García Gómez, o presidente da Fundación, D. Justo Beramendi González, e os representantes dos centros premiados, en presenza dos membros do padroado da Fundación e da comunidade escolar dos centros premiados.

### **4) Asesoramento aos centros premiados sobre como executar o Proxecto Didáctico que deben desenvolver, con vistas á exposición dos seus resultados no mes de setembro de 2019.**

Co inicio do ano académico en setembro do 2018, comezou o desenvolvemento dos proxectos por parte dos centros gañadores.

Para a execución deste traballo, contan co asesoramento da Fundación, coordinado polo patrón D. Francisco Fariña Busto.

**B) A realización dos traballos preparatorios para a recopilación da obra dispersa de D. Antonio Fraguas Fraguas, con vistas á ulterior publicación.**

A necesidade de buscar, catalogar, e clasificar a obra dispersa de D. Antonio Fraguas Fraguas, co fin de ter o material preparado para proceder á súa publicación no futuro, precisou da contratación dunha técnica para levar a cabo esta tarefa. O seu traballo realizouse nos meses de outubro e novembro na biblioteca do Museo do Pobo Galego utilizando o seu arquivo persoal.

A elección da figura de D. Antonio Fraguas Fraguas como homenaxeado no día das letras 2019, agardamos sexa positiva á hora de dar a coñecer a súa obra, para o que resultará moi útil o traballo realizado grazas á achega da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

En Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2018

Justo Beramendi González  
Presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas